

MANIFESTACIÓN

A política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feijoo, baseada nos recortes de recursos, o desmantelamento de hospitais comarcais, o abandono dos Centros de Atención Primaria, a ocultación e manipulación das listas de espera, a precarización e explotación do persoal e a privatización, esta levando a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non a paramos entre todas e todos.

As protestas da Atención Primaria, o levantamento da poboación de Verín contra o peche do paritorio do seu hospital, as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras, son algunhas das manifestacións do malestar cidadán e profesional fronte a esta crise sanitaria.

Chegou o momento de concentrar os esforzos de toda a cidadanía e colectivos sociais e profesionais, por encima das lóxicas e lexítimas diferenzas, nunha gran manifestación de defensa da sanidade pública galega e contra o seu deterioro e privatización.

Por iso a Plataforma **SOS Sanidade Pública** convoca unha gran manifestación na Alameda de Santiago que percorrerá as principais rúas da cidade ata a praza da Quintana.

EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA



Contra o deterioro da Atención Primaria e o desmantelamento e peche de servizos nos Hospitais Públicos.

Contra as listas de espera inaceptables e a precariedade do persoal da sanidade pública.

Contra a privatización da Sanidade Pública Galega.

Agardamos unha resposta masiva **da cidadanía e de colectivos sociais e profesionais** que free e faga retroceder a política de desmantelamento e privatización do sistema sanitario público aplicada polo Goberno Galego



**Domingo, 9 de febreiro,
ás 12 h. desde a Alameda
de Santiago de Compostela**